

ONOMÁSTICA E LITERATURA

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

Permítanme que comece por unha referencia próxima e ben coñecida de todos. Moi perto de onde nos encontramos, á altura do Obelisco, figura o monólito en que consta a denominación da vía que alí ten o seu inicio. “Avenida de la Marina” é o seu nome oficial, acompañado do escudo da Armada española, como se o nome se correspondese con esta arma do Exército español. Mais non hai tal. O nome galego orixinal, o nome xenuíno, é a Mariña, isto é, a ribeira do mar, tal e como a xeografía do lugar o demostra, e moito máis aínda antes de que se procedese ao recheo dos Cantóns (“Relleno” é o nome que aínda usa ou que recorda a xente vella da Coruña para se referir a esta porción de vías urbanas gañadas ao mar). Estamos, con efecto, perto da rúa que leva o nome de Juana de Vega, na zona ou faixa de terra máis estreita da cidade, entre o mar de Riazor e o mar do porto ou do Parrote.

Velaquí temos, neste exemplo, unha proba certificada da mudanza-deturpación que sofreu a nosa toponimia e, desde ela, o noso nomenclátor urbano, neste caso. A Mariña, en fin, da Coruña, a súa ribeira, partilla significado coas Mariñas betanceiras ou coas Mariñas lucenses.

¿Como se iniciou, pois, e se asentou o proceso de españolización da toponimia galega?

Tendo antecedentes remotos, desde o inicio da Idade Moderna, en que a Galiza perde a súa autonomía política, fica sen clases dirixentes internas a ela e sen capacidade de institucionalización propia, o proceso de españolización topónimica e antropónimica coñece un avanco e consolidación fundamentais co nacemento do Estado liberal no século XIX. Convirá lembrarmos o desaparecemento formal (na realidade, xa finara moito antes) do Reino da Galiza e das súas sete capitais (A Coruña, Betanzos dos Cabaleiros, Mondoñedo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Tui), cando en 1833 D. Javier de Burgos, ministro

de Fomento, decreta a conversión da Galiza en catro provincias (as actuais), nunha artificiosa –por non dicer aberrante– división que ten toda a traza da conveniencia e da comenencia colonial-caciquil e que para nada responde a diferenzas ben visíbeis –xeoeconómicas– que singularizan o mapa comarcal galego. Diferenzas, por certo, que si coñeceu e reflectiu na lingua o colonizador romano. Reparemos, por exemplo, na configuración da más extensa das provincias, Lugo, dez mil Km. cuadrados, aproximadamente, algo meirande do que a illa de Córcega: ¿que ten a ver a alta montaña (Ancares, Courel) coa Terra Cha ou as Mariñas coa zona vitivinícola do Sil ou a Ribeira Sacra?

Da creación do corsé tetraprovincial derivará a fundación das Deputacións Provinciais, institucións que se unirán a outras novedades político-administrativas do mesmo século XIX: a delimitación dos concellos, feita igualmente desde Madrid e coa mesma (!)lóxica desprezadora da realidade xeográfica, social e económica; a creación da Guarda Civil, con especial incidencia no mundo rural ou, en fin, a inauguración, en 1870, do Rexisto Civil, por non falarmos da Lei Moyano (o ministro de Instrucción Pública que a promoveu), de 1857, que prevía a xeneralización do ensino primario universal masculino, por moito que, na nosa nación, este obxectivo demoraría ben en se realizar e que funcionou, por suposto, en español, como un meio eficaz e arrasador – a escola e todas as outras institucións do ensino como axentes directos e persistentes de erradicación do galego e de imposición totalitaria do español como lingua docente, discente e vehículo de calquer saber formal-académico. Tamén non obviaremos a importancia do servizo militar obrigatorio para os mozos galegos, coa excepción daqueles que podían pagar a súa substitución, ou o papel de colaboradora necesaria da Igrexa Católica e as súas institucións no contundente proceso castelanizador (se tivermos a curiosidade de lermos as entradas ou voces “Deus” e “Dios” no diccionario enciclopédico de D. Eladio Rodríguez González, verificaremos como a primeira resólvese en doce liñas e un (!) refrán, e a segunda ocupa tres páxinas e media, con ducias e ducias de refráns e frases feitas, o que demostra a ben temperá e poderosa imposición do nome castelán).

Non podería faltar, neste cuadro de exterminio-despersonalización da especificidade galega o contributo académico. Lembremos só a

significativa explicación do mapa lingüístico peninsular que encabeza a edición da Gramática da Real Academia Española, na súa edición de 1924, e non deixemos de sorrir cando comprobemos como a primeirísima definición que fai de “idioma” ou “lengua” valeu para os pioneiros do noso nacionalismo político aplicala, xaora, á lingua de noso, do galego:

Llámase *idioma* o *lengua* el conjunto de palabras y modos de hablar de cada nación. La lengua principal de los naturales de España se llama *española*. También se llama comúnmente *lengua castellana*, porque Castilla, habiendo contribuído en modo preponderante a formar la nación española, logró que su propia lengua prevaleciese sobre los dialectos afines que se hablan en los antiguos reinos de León, Aragón y Navarra, e hizo que se propagase por la conquista a Andalucía, Murcia y Extremadura, y luego a las inmensas regiones descubiertas y civilizadas por los españoles en América y Oceanía. Y aunque la lengua castellana no ha prevalecido totalmente sobre las de los otros pueblos que habitan la Península Ibérica, puesto que así los portugueses, que forman un Estado aparte, como los vascongados, los gallegos y los pueblos que hablan el catalán o alguna de sus variedades (Cataluña, Valencia y las Islas Baleares), conservan su propio lenguaje y lo cultivan literariamente, también es cierto que la lengua de Castilla no es sólo la del mayor número de los españoles, sino también la lengua oficial de todo el reino de España, y la que ha sido consagrada en mayor número de monumentos literarios.

Todo, como ven, *natural*, derivado dunha evolución histórica que xustifica a hexemonía e a xerarquía por razóns *conxénitas* e indiscutíbeis. Así se pasou porque así tiña de pasar.

Temos, en suma, unha mesta rede de tentáculos xurídico-político-administrativos, e todos eles apertan na mesma dirección e coa mesma intensidade: a españolización forzada e forzosa da nosa toponimia e, por conseguinte, da nosa onomástica, en grande parte, relacionada con ela. Se examinarmos a exhaustiva xeografía de Madoz (un dos artífices da desamortización de bens eclesiásticos), de 1845, observaremos como os nosos nomes de lugares xa figuran arrasados, na súa maioría, por moito que a información socioeconómica que acompaña cada entrada sexa minuciosa e cumprida para cada localidade recollida, e moi útil en termos históricos.

Por tanto: funcionarios varios (estranxeiros ou nativos submisos ás ordes), guardas civís, cregos, axentes do Catastro ou dos concellos... deforman e aqueloutran arreo os nomes galegos. ¿Seguindo que regras? Ou, por mellor formular a cuestión: ¿existiron regras na aplicación da desfiguración?

Si existiron, por moito que, no naufraxio programado da auténtica e real toponima galega, sobrevivesen excepcións de conservación da mesma, debidas á ignorancia do censor-escrebente-transcritor ou, simplemente, a que moitos nomes –galegos cento por cento– non eran advertidos como tais. A norma xeral consistiu en desbotar –e deformar– todo o que, pola súa fonética ou pola súa forma lingüística en xeral, non entra no español. Todo un rexime, pois, de **incompatibilidades**: o fonema que escrebemos con “x” en nomes como Teixeiro, Queixas, Freixo, Laxe, Xato, Coruxo... e tantos más sucumbiu sen clemencia para vertelo–escrebelo co grafema castelán “j”, dando lugar ás aberracións coñecidas. Sendo os ditongos decrecentes os predominantes no galego, procedeuse á súa monoptogación forzosa e, de aquí, os “Orense”, por Ourense”, os “Orol”, por Ourol ou “Osera”, por Oseira. Sendo o sufijo –iño o dominante como marca de diminutivo, defórmase O Carballiño en “El Carballino” ou Vilariño en “Villarino”. As Cabanas pasan a ser “Cabañas”, ao tempo que se impoñen falsos ditongos onde nunca os houbo: “Puentedeume”, por Pontedeume; “Puenteceoso”, por A Ponteceoso. A listaxe, en fin, sería interminábel.

Este proceso, como xa dixemos, está, de por parte, entreverado de arbitrariedade e de ignorancia. Non se castelaniza Pontevedra (ou Ponte Vedra), denominación tan galega, obviamente, como as outras Pontes que si sofreron a deturpación. Neste caso, como no de Ponte Vea (mal escrito “Pontevea”) funciona a amalgama lexical e desaparece o sentido orixinario, polo que se mantén o lexema nominal correcto. O mesmo diríamos da conservación de Mourente ou Mourenza, cando Ourense ou o Toural sucumbiron ante a coitela castelanizadora (“Orense”, como xa vimos, ou “Toral”), ou de Ortigueira ou Carboeiro, que sobreviveron á arrasadura.

En frecuencia de uso, ¿cántos Outeiro serían convertidos á forza en “Otero” ou cantos “Souto” en “Soto” ou Romeiro-Romeu en “Romero”?

Regra xeral, pois: a deformación de todo o percebido inequívoca e distintivamente como galego e, por tanto, non introducíbel nem admisíbel dentro do español, idioma oficial do Estado e único patrón de fixación lingüística imposta e distribuíbel como tal. Ben é certo que Magalofes, Pazos, Forcarei, Lamas, Celanova, Lestrobe ou Monforte de Lemos (como tantos máis) son tan galegos como os seus compañeiros atacados, mais sendo, como son, galegos-galeguísimos, non ofenden a fonética española. Non significan nada en español, por suposto; son elementos exóticos que marcan até que punto se extende o dominio da única lingua con poderes para un tratamento imperial das súas posesións, que exerceu contundentemente durante séculos.

Até aquí, referímonos á más bruta e basta deformación sofrida. Mais non a única. Colocaríamos toda a restra abundante de híbridos no segundo lugar: “La Zapateira”, ou “La Sardiñeira” ou “Las Lagoas”, por citarmos tres nomes de lugar ben próximos tamén a nós, nesta cidade da Coruña, escandalosamente mantidos como acabamos de citar, nun desafío aberto non xa á debida corrección galega senón á legislación mínima atinente á lingua galega (Lei 3/1983, de Normalización Lingüística; Lei 5/1988, de uso do galego polas entidades locais). Perguntaríamonos, á vista desta mistura, desta hibridación, o porqué do mantenemento do elemento galego ao lado da prótese ortopédica deformante do español. Noutras palabras: ¿que sentido ten o artigo en español e o substantivo en galego? ¿Por que non se xeneralizou o español para arredondar a deturpación e convertelos en “La Zapatera”, “La Sardinera” ou “Las Lagunas”?

Non por despiste, por benevolencia ou por misericordia, desde logo. Trátase de **impor a marca do propietario**, que mantén viva a vítima, mais a custa de levar impreso a fogo (letra escrita e oficial) o sinal do amo. Tal cal as bestas dunha grea que ten dono e precisa identificación clara, co ferro ardente no seu coiro. Aquela españolización total non se practicou porque ela esvaería inteiramente a necesidade de identificación. Convén deter a deformación para garantir que o lugar sexa recoñecido e, aliás, para manter **as marxes do galego permitido**, unha especie de locativo do distante e distinto “Noroeste” que tampouco molesta maiormente, pois “la unidad en la diversidad”, moi lonxe de ser un invento dos nosos días, foi xa admitida e promovida por calquera rexime político anterior, ditaduras incluídas.

A perda de identidade atinxiu tamén, como non, á escrita. O apelido "Naval" reméteños naturalmente ao Nabal, tan frecuente na nosa economía agrícola, non ao mundo do mar. Os "Bello" non teñen a ver coa beleza expresada en español, senón cos Vello, antónimo de Novo, que si tivo maior sorte na conservación. "Balado" ou "Baliñas" correspóndense cos correctos Valado e Valiñas, como "Rivas", ou "Riveira" ou "Riveiro" han de ser grafar correctamente como Ribas, Ribeira ou Ribeiro. Podemos lembrar a este respecto un episodio ben significativo. Nos nosos tempos como deputada do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento da Galiza, tivemos a ben redixir unha iniciativa dirixida ao daquela director xeral da Escola Galega de Administración Pública. Ocorréusenos grafar correctamente os seus dous apelidos e, por tanto, escrebemos: Domingo Vello Xaneiro, no canto dos aqueloutrados "Bello Janeiro". Foi tal o escándalo que decorreu desta devolución á corrección escrita dos tais apelidos que a iniciativa foi inadmitida: ficou sen poder ser tramitada, a pesar de todas as nosas explicacións e aclaracións. Conceptuouse como unha ofensa. A mesma que cren receber elementos moi defensores do partido español gobernanente na España e na Galiza cando nos referimos aos seus presidentes como Raxoi e como Feixoo, respectivamente. Raxoi é nome de lugar e denomina tamén o palacio que ocupa un dos catro lados da sen par Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela, sede do goberno municipal da cidade, do Consello da Cultura Galega e mesmo dalgunha sección da Xunta. ¿Para estes usos e edificio conséntese que sexa Raxoi e, en troca, é pecado inconfesábel pronunciar e escreber correctamente o apelido do presidente actual do goberno español? ¿Cabe maior incongruencia? O mesmo diríamos do apelido Feixoo (ou Feixó), inequivocamente galego e só galego. Claro é que non se trata de incoherencia, senón de garantir a acesa españolidade de ambos personaxes, que son o que son xustamente por construíren as súas biografías a base de renunciaren ou de non expresaren endexamais a súa orixe galega, a súa identidade negada.

Máis unha anécdota, desta volta referida a unha magnífica oportunidade perdida. Unha serie televisiva de grande suceso e audiencia ("Matalobos"), exhibida pola Televisión pública galega, incluía entre as seus personaxes a dunha activa oficial da Guarda Civil. Nome:

tenente "Seijas". De modo e maneira que se usa toda a megafonía propia deste medio de comunicación non para curar, modernamente, a ferida deformante e castelanizadora, senón para afincala. ¿Despiste, distracción, continuísmo rotineiro da maior parte da onomástica deturpada? En absoluto. Servizo directo ao non aparecemento do galego enteiro, xenuíño, e, sobre de todo, restaurábel, recuperábel, corrixíbel. Sería esta unha auténtica lección de futuro, que crearía a idea certa de que podemos recobrar a nosa distintiva personalidade lingüística e, por aquí, a noción de que somos nación, sociedade distinta e específica. Até tal punto é importante o manexo da cuestión lingüística. Até tal punto se evita cuidadosamente todo o que poda contribuír para unha lineal e inequívoca definición da nosa identidade como galegos, da nosa pertenza ao común país.

Realicei antes un convite de comparatismo lexicográfico, na consulta das voces Deus e "Dios" no diccionario de D. Eladio Rodríguez González. Fáglolles agora un outro, desta volta centrado nas páxinas da guía telefónica e, en concreto, na letra D. Nela observarán unha grande cantidade de apelidos encabezados pola sílaba "Do" ou "Da", seguida do lexema correspondente. A título só de exemplo mínimo: "Dapena", "Dasilva", "Dobaño", "Dobarro", "Docampo", "Doval", "Dorrego"... E tantos máis. A amálgama forzosa opaca completamente o sentido orixinal dos apelidos cuxo primeiro formante é o artigo contracto "Da" ou "Do" e, xa que logo, o apelido verdadeiro é o que indica o substantivo acompañante: Pena, Silva, Baño, Barro, Campo, Val, Rego, o que leva á correcta escrita: Da Pena, Da Siva, Do Baño, Do Barro, Do Campo, Do Val, Do Rego... e a unha corrección completa tamén na orde alfabética, que remete non á letra D senón á que corresponder en cada caso.

Mencionemos tamén de pasaxe rápida a non afortunada fixación que, no noso xuízo, experimentan algúns topónimos submetidos xa a denominación oficial. Un sintomático é un hidrónimo que dá nome oficial a un tal río "Verdugo", por terras de Arcade, no sul da Galiza. ¿Non será más ben que o Verdugo orixinal se castelanizou en "Verdujo" e esta barbarización foi interpretada como geada e transformada así no "Verdugo", seguindo a regra de que a "categoría" é categoría? ¿O do Son de Porto do Son barbanzán non será o mesmo que o Dozón dezano? ¿Por que non se admitiron, na restauración toponímica as Póvoas

(do Caramiñal, de Trives, de Brollón)? ¿É irredimíbel o pecado de se asimilaren ás formas portuguesas? ¿Esquécese que tamén hai Póvoas galegas? ¿Por que non se separan na escrita formas como as San Xenxo? ¿Por que se oficializan formas como San Xiao no canto de San Xulián ou San Cibrao por San Ciprián? ¿Por qué é San Cibrao de Las, cando a documentación máis antiga xa acredita San Cibrao das Las?

Iremos concluíndo. Como era de esperar, a literatura de noso, a literatura contemporánea restaurada desde e no século XIX, con nomes senlleiros a cuxa cabeza figura, claro está, Rosalía de Castro, literatura continuada no século XX por egrexias figuras das nosas letras, da nosa arte, vai xogar un papel fundamental na escrita correcta da nosa toponimia e na fixación dunha *cartografía* verdadeira, a que restaura a auténtica e limpa denominación de todos os nosos lugares nomeados. Clásicos do noso tempo como Castelao ocúpanse propositadamente de denunciaren como a desfiguración deles, dos nosos topónimos, foi parte central do proceso de erradicación da lingua e da feroz imposición dos patróns españois, no lingüístico, no político e no eclesiástico. Como hai uns meses, neste ano 2014, lembramos a publicación, hai 70 anos, de *Sempre en Galiza*, convido tamén a todos vostedes, á (re)leitura desta obra fundamental da nosa historia, e, en concreto, a todas as mencións que nela se fan deste tema.

Deixamos fóra da nosa intervención un tema non menor, antes ben, importantísimo na reposición da nosa onomástica verdadeira e como peza estratégica dun proceso de normalización e planificación lingüística merecente de tal nome. Referímonos a unha necesaria modernización da *didáctica da lingua galega*, nomeadamente nos niveis obrigatorios do ensino. ¡Canto gañaríamos se a profesora, o profesor de “Galego” comezase por explicar –corrixir no seu caso– a orixe, significado e forma auténtica dos apelidos das alumnas e alumnos e, igualmente, dos seus lugares de procedencia ou dos nomes próximos e/ou coñecidos da topografía urbana, vilega ou rural! ¡Canto adiantaríamos con este proceder! ¡Canto galego habería que descobrir detrás dos apelidos Golpe, Cerdeira, Carballo, Pereira, Nogueira, Teixeiro, Varela... e millenta máis! ¡Canto, en fin, da precisa conexión á xeografía de noso, á historia, á metaforización da lingua, á economía de cada lugar ou comarca, aos patronímicos e ás súas orixes!

Finalizaremos, pois, coa leitura, se ma permiten, dun artigo de prensa titulado “Ser galego”, que publiquei no ano 2005 no desaparecido semanario *A Nosa Terra* e que recompilei no volume *De fala a lingua: un proceso inacabado*, de 2009. Acompáñoa dunha recomendación: a leitura ou consulta do libro *Sobre o racismo lingüístico*, que tiven a honra de editar e coordinar, tamén de 2009, e que conta con colaboracións de Xosé Ramón Freixeiro Mato, Manuel Ferreiro, Xosé Manuel Sánchez Rei, Goretti Sanmartín Rei, Luís Villares Naveira, Celia María Armas García, Francisco Rodríguez e eu mesma. Aquel artigo de 2005 a que me referín dicía así:

SER GALEGO

11 de Agosto de 2005. Caldas de Reis, piscina termal. Estou a facer os longos habituais, cando, nun deles, bato levemente cun pequeno, achegadío ao muro. “Perdoa”, díxenlle. “No, nada”, repuxo. O que a seguir paso a referir é absolutamente notarial: graveíno ben na memoria para non engadir, restar nem modificar nada do diálogo. O neno (cinco, seis anos como moito) pergúntame: “Y luego, tú eres gallega?”. “Claro, coma ti”, respondín. “¡No! –dixo cun forte sotaque das Rías Baixas– yo soy español”. “E, logo, español, de onde?”, retruequi eu. “De Cambados”, respondeu. “–Pois, logo, ti, de Cambados, e eu, que nacín en Lugo e vivo na Coruña, somos galegos os dous”. –“No, no, porque mi familia es española toda, menos... mi tío Paco, que es algo gallego”. Decidín entón ir a por todas: “E, daquela, que é ser galego?” Non se admirou nadiña da miña pergunta: “Galegos son... los que hablan algunas palabras en gallego”. O neno subiu a escada da piscina e partiu. Eu, de socato, tiven un ataque de hilaridade, pensando en cando e canto dicemos defender os “valores identitarios”, mais tiven que o reprimir, porque non daba nadado co riso cruel.

Mais si lembrei como rimos bobamente cando Bernardino Graña nos contou a anécdota daqueles mariñeiros de Cangas do Morrazo, que afirmaban: “Aquí, no barco, todos somos galegos, menos este, que é de Muros”. Ou, tamén, recordei como, hai algúns anos, fomos a unha cea-baile (con orquestra en vivo, nada menos), convocados pola Agrupación Cultural da Coruña “Alexandre Bóveda”. Cando o voluntario cantante atacou coa súa animación, achegámonos onda el, para lle pedir que a fixese en

galego. “Ai, si, oh, que aquí son todos galegos, non?”, foi a súa benévolha resposta (galegos = da aldea, de confianza, de bairro coruñés...).

Reflexións “harto filosóficas” –que diría Rosalía de Castro– acoden en tropel á mente, mais, na orixe, na localización do *corpo do delito*, a cousa é ben simples; para moitos, é galego quen *aínda* non é español de todo. Ser galego, de por parte –como o pequeno identificaba–, é falar galego (e viceversa), como el se declaraba “español” por falar este idioma.

E ben, con este panorama, ¿seguirán os profesores de Lingua Galega a esforzárense por que os seus alumnos escreban “maravilla” con b?; ¿seguiremos a furtar o coñecemento do mapa e da historia de Galiza?; ¿seguirán cargos gobernamentais a ocultaren e desprezaren o uso, lexítimo e legal, do galego? ¿El non será ben comezar a casa polos alicerces, e proclamarmos, ben alto e claro, que somos galegos e que, en o séndomos, abonda o título?